

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14625 *Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS).*

A Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís deses servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, introduce un novo réxime na provisión dos servizos de tránsito aéreo de aeródromo.

Conforme a este novo réxime, os servizos de tránsito aéreo de aeródromo serán prestados por aqueles provedores civís de tránsito aéreo de aeródromo certificados por unha autoridade nacional de supervisión da Unión Europea que, por proposta do xestor do aeródromo, sexan designados polo Ministerio de Fomento para a provisión destes servizos dentro de bloques específicos de espazo aéreo.

Na proposta do xestor do aeródromo deberase concretar o tipo de servizos de tránsito aéreo que solicita para o aeródromo, isto é, servizos de control de tránsito aéreo ou servizos de información de voo de aeródromo (AFIS).

Desta forma posibilitase a prestación dos servizos de tránsito aéreo de aeródromo por provedores distintos da entidade pública empresarial Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA), á cal unicamente se reserva en exclusiva a prestación directa dos servizos de tránsito aéreo nos volumes de espazo aéreo en que se presten servizos de control de área e control de aproximación.

Neste novo marco legal, este real decreto, aplicable a todos os aeródromos civís de uso público, incluídos os xestionados por AENA, establece os criterios para determinar a necesidade e suficiencia da prestación do servizo de tránsito aéreo AFIS, e regula os estudos aeronáuticos de seguranza que se deben realizar previamente para tal efecto.

Os citados estudos aeronáuticos de seguranza terán en conta, de conformidade co previsto no anexo 11 do Convenio de aviación civil internacional, os tipos de tráfico aéreo do aeródromo, a súa densidade, as condicións meteorolóxicas e calquera outro factor pertinente. Estes estudos, que teñen como base as previsións para a prestación de servizos de navegación aérea do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen os requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea, deberán ser realizados por provedores de servizos de navegación aérea.

Aínda que o estudo aeronáutico de seguranza non identifique a necesidade de prestar servizos de tránsito aéreo de aeródromo, imponse a obriga de prestar servizos AFIS nos aeródromos de uso público en que se realicen operacións baixo regras de voo por instrumentos.

Por outra parte, após a aprobación do Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo, este real decreto atribúe a competencia para a designación de aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ ao ministro de Fomento, ao tempo que a competencia para a designación de provedor de servizos AFIS se asigna á Dirección Xeral de Aviación Civil.

Acordada a designación, o inicio da prestación de servizos requirirá, en todo caso, a supervisión previa e o informe favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de conformidade co previsto no terceiro parágrafo do número 3 do artigo 1 da Lei 9/2010, do 14 de abril.

Tamén se regulan neste real decreto as condicións de provisión do servizo AFIS, incluída a formación do persoal que debe prestalo e a certificación dos provedores desa formación. Desta forma, complétase o réxime xurídico do servizo AFIS previsto no

Regulamento de circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro.

A disposición adicional cuarta estende o ámbito de aplicación do real decreto aos aeródromos militares, adecuando a regulación ás necesidades operativas da defensa nacional e exceptuando as exixencias derivadas da certificación dos provedores de servizos AFIS e dos provedores de formación, unha vez que a supervisión exercida polos distintos estamentos militares garante un nivel equivalente de seguranza e calidade nos servizos de tránsito aéreo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 10 de setembro de 2010,

DISPONGO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios para determinar a necesidade e a suficiencia da prestación do servizo de información de voo de aeródromo (AFIS) e regular os estudos aeronáuticos de seguranza pertinentes para asegurar a necesidade e a suficiencia deste servizo de tránsito aéreo.

Así mesmo, este real decreto completa o réxime xurídico do servizo AFIS regulando as condicións de provisión do servizo, as competencias administrativas para a designación de aeródromo AFIS, do espazo aéreo asociado como zona de información de voo (FIZ) e para a designación de provedor de servizos AFIS, así como a formación do persoal que preste este servizo e a certificación dos provedores de formación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuarta, este real decreto é de aplicación aos aeródromos civís de uso público.

Artigo 3. *Normativa aplicable.*

No non previsto por este real decreto será de aplicación o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea e a normativa comunitaria que resulte de aplicación.

En relación co procedemento de certificación de provedores de formación, no non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos do previsto neste real decreto entenderase por:

a) «Persoal AFIS», o persoal que recibiu a formación prevista neste real decreto e cumpre os requisitos establecidos nel para o desempeño das funcións do servizo nunha dependencia AFIS.

b) «Fornecedor de servizos AFIS», o fornecedor civil de servizos de tránsito aéreo certificado para a provisión de servizos de información de voo e alerta, segundo establece o Regulamento (CE) n.º 2096/2005, da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que

se establecen requisitos comúns para a provisión de servizos de navegación aérea e as súas disposicións de desenvolvemento.

c) «Fornecedor designado AFIS», o fornecedor civil de servizos AFIS designado pola Dirección Xeral de Aviación Civil para a provisión de servizos AFIS nunha ou varias zonas de información de voo dentro do espazo aéreo español.

d) «Aeródromo civil de uso público», en diante aeródromo de uso público, o aeródromo que ofrezca servizos a calquera usuario sen discriminación e figure como tal na publicación de información aeronáutica (AIP) do servizo de información aeronáutica (AIS). O resto dos aeródromos considéranse aeródromos de uso restrinxido.

Para o resto das definicións observarase o disposto no Regulamento da circulación aérea e no Regulamento (CE) n.º 549/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo (Regulamento marco).

CAPÍTULO II

Prestación de servizos AFIS e estudos aeronáuticos de seguranza

Sección 1.ª Necesidade e suficiencia do servizo AFIS

Artigo 5. Necesidade e suficiencia do servizo AFIS.

1. A necesidade e suficiencia do servizo AFIS determinarase, en cada caso, atendendo ao resultado dun estudo aeronáutico de seguranza realizado para cada aeródromo e espazo aéreo asociado, no que se teñan en conta, conforme o previsto neste capítulo, os tipos de tráfico aéreo previstos, a súa densidade, as condicións meteorolóxicas e calquera outro factor pertinente.

2. Cando non se presten servizos de control de tránsito aéreo, a provisión de servizos AFIS é obrigatoria:

a) Nos aeródromos para os cales se identifique tal necesidade como resultado do estudo aeronáutico de seguranza previsto neste capítulo.

b) Mesmo cando o estudo aeronáutico de seguranza determine que non é preciso, nos seguintes casos:

1.º Nos aeroportos, nos períodos de tempo en que se realicen operacións para o transporte público de pasaxeiros.

2.º No resto dos aeródromos de uso público, cando se realicen operacións baixo as regras de voo por instrumentos (IFR))

Artigo 6. Insuficiencia do servizo AFIS.

A prestación do servizo AFIS non será suficiente:

a) Cando así se identifique como resultado do estudo aeronáutico de seguranza realizado conforme o previsto neste capítulo, e

b) Nos aeroportos, nas franxas horarias con densidade de tránsito media ou intensa, segundo o previsto no volume I, número 1.1, das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público que se inclúen como anexo ao Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado.

Artigo 7. Prestación de servizos de control e AFIS na mesma dependencia e franxas horarias de funcionamento.

1. O servizo AFIS e o servizo de control de aeródromo poderanse prestar na mesma dependencia de servizos de tránsito aéreo (ATS), en distintas franxas horarias.

2. A información relativa aos horarios de prestación dos servizos de control de aeródromo e do servizo AFIS, así como as súas modificacións, deberase distribuír mediante o sistema de regulamentación e control da información aeronáutica (AIRAC), de acordo ao disposto no libro VIII do Regulamento de circulación aérea.

3. Durante as horas publicadas de operación destes servizos, estes deberán permanecer dispoñibles, en todo momento, para todos os usuarios en igualdade de condicións.

Artigo 8. *Operacións na zona de información de voo.*

Toda aeronave que opere baixo regras de voo visual (VFR) no espazo aéreo, asociado a un aeródromo AFIS, designado como zona de información de voo (FIZ) deberá estar equipada cun equipamento de radio emisor-receptor operativo para asegurar as comunicacións aeronáuticas coa dependencia que presta servizos AFIS e cos tráfico da zona.

Sección 2.^a *Estudos aeronáuticos*

Artigo 9. *Estudos aeronáuticos de seguranza.*

1. A realización do estudo aeronáutico de seguranza previsto no artigo 5 é obrigatoria nos aeródromos de uso público en que:

- a) Se preveza un número de operacións anuais superior ás 20.000 ou nos cales se poidan alcanzar 10 operacións por hora.
- b) Se realicen operacións de formación de pilotos e a densidade de tráfico supere a cifra de 100 operacións diarias.
- c) Se produzan operacións que impliquen mestura de diferentes categorías de aeronaves, entre outras, á fixa a motor con helicópteros ou planeadores.
- d) Se preveza o seu uso por aeronaves cunha masa máxima certificada de engalaxe de máis de 5.700 kg ou cunha configuración máxima aprobada de máis de nove asentos de pasaxeiros.
- e) Se outorgasen exencións ou excepcións ao cumprimento de disposicións das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público que se inclúen como anexo ao Real decreto 862/2009, do 14 de maio, así como naqueles outros en que a declaración do xestor do aeródromo manifeste que, nalgún punto, non cumpre a normativa do citado anexo.

2. Os estudos aeronáuticos de seguranza serán realizados por provedores certificados para a provisión do servizo de control de aeródromo ou do servizo AFIS, sempre que estes últimos dispoñan dun certificado sen a exención ao cumprimento dos requisitos de seguranza relativos a estudos de seguranza e análise e mitigación de riscos en relación cos cambios contidos no Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005.

3. O provedor de servizos de tránsito aéreo que realice o estudo aeronáutico de seguranza poderá ser distinto do que preveza o servizo no aeródromo.

Artigo 10. *Factores que se deben ter en conta na elaboración dos estudos aeronáuticos de seguranza.*

Na elaboración do estudo aeronáutico de seguranza deberanse ter en conta, ao menos, os seguintes factores:

- a) Datos relativos ao aeródromo.
- b) Información de accidentes, incidentes de tránsito aéreo ou outro tipo de sucesos.
- c) Condicións meteorolóxicas, en particular o estudo estatístico da meteoroloxía estacional predominante, visibilidade e ventos.

- d) Volume de tráfico, tendo en conta os datos históricos e as previsións de demanda, horarias, diarias e anuais.
- e) Análise de obstáculos.
- f) Tipos de operacións.
- g) Mestura de tráfico.
- h) Regras de voo.
- i) Categorías de aeronaves.
- j) Estrutura do espazo aéreo.
- k) Calquera outro factor que resulte pertinente para a seguranza das operacións.

Artigo 11. Contido do estudo aeronáutico de seguranza.

1. O estudo aeronáutico de seguranza constará das seguintes fases:

- a) Iniciación.
- b) Análise preliminar.
- c) Estimación do risco.
- d) Avaliación do risco con ou sen mitigación preliminar.
- e) Mitigación do risco.
- f) Planificación de actuacións e do seu seguimento.

En cada unha destas fases actuarase conforme o previsto no anexo I, punto A.

2. Naqueles aeroportos ou aeródromos de uso público aos cales se lles outorgasen exencións ou excepcións de acordo co disposto, respectivamente, nas disposicións adicionais segunda e terceira do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, o estudo aeronáutico de seguranza debe incorporar a análise da influencia na seguranza de tales situacións en relación coa prestación do servizo de tránsito aéreo.

3. O estudo aeronáutico de seguranza abranguerá os requisitos de seguranza para operar na zona de espazo aéreo asociado ao aeródromo obxecto de estudo e delimitará a zona FIZ asociada proposta, así como os procedementos operacionais e a proposta de cartas aeronáuticas correspondentes ao aeródromo AFIS.

4. O estudo aeronáutico de seguranza deberá incorporar un rexistro de participantes en cada unha das súas fases, e incorporará a información recollida na táboa que figura no anexo I, parte B.

CAPÍTULO III

Provisión de servizos AFIS

Sección 1.^a Competencias e responsabilidade

Artigo 12. *Competencias administrativas.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea:

- a) Certificar os provedores de servizos AFIS que teñan o seu principal lugar de actividade e, se for o caso, a súa sede en España, de acordo coa normativa vixente.
- b) Certificar os provedores de formación de persoal AFIS e aprobar o seu plan de formación, incluída a súa política de validacións, cando eses provedores teñan o seu principal lugar de actividade e, se for o caso, a súa sede en España.
- c) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre a proposta de designación de aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ.
- d) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre a proposta do xestor do aeródromo de designación de provedor de servizos AFIS de aeródromo.
- e) Supervisar o cumprimento dos requisitos para a efectiva prestación de servizos polo provedor designado AFIS e emitir informe sobre o inicio da prestación.

f) Instar a iniciación do procedemento de revogación da designación de aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ.

g) Propor á Dirección Xeral de Aviación Civil a revogación da designación de fornecedor AFIS.

2. Corresponde ao ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil, a designación do aeródromo como aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ e a súa revogación. O prazo máximo de tramitación deste procedemento será de seis meses.

A Dirección Xeral de Aviación Civil formulará a proposta que proceda en relación coa designación de aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ no prazo de cinco meses contados a partir da recepción da solicitude.

No non previsto pola normativa aeronáutica, o procedemento para a designación do aeródromo como aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ e a súa revogación axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

No caso de que venza o prazo máximo para resolver sen terse ditado resolución expresa, o silencio terá efecto desestimatorio.

3. Corresponde á Dirección Xeral de Aviación Civil a designación do fornecedor de servizos AFIS nos aeródromos civís públicos designados para prestaren servizos AFIS e no espazo aéreo asociado FIZ, así como a súa revogación.

Procederá a revogación da designación do fornecedor AFIS no caso de perda da vixencia da certificación do fornecedor de servizos AFIS, ou cando non se cumpran as condicións estipuladas neste real decreto, garantindo, en todo caso, a continuidade dos servizos de tránsito aéreo do aeródromo.

A designación dun novo fornecedor de servizos de aeródromo, por proposta do xestor do aeródromo, en ningún caso ten a consideración de revogación.

Artigo 13. *Responsabilidade do xestor do aeródromo.*

1. Sen prexuízo da responsabilidade que a normativa nacional e comunitaria atribúen ao xestor do aeródromo, no ámbito deste real decreto correspóndelle:

a) Dispor dos estudos aeronáuticos de seguranza previstos no capítulo II e adoptar, de conformidade con eles, todas as medidas necesarias para garantir a provisión dos servizos de tránsito aéreo que permitan a operación segura de aeronaves.

b) Solicitar, a través da Dirección Xeral de Aviación Civil, a designación de aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ.

c) Propor á Dirección Xeral de Aviación Civil a designación do fornecedor de servizos AFIS.

d) Alcanzar, cando corresponda, os acordos de toda índole que sexan necesarios cos provedores de servizos de navegación aérea certificados, conforme o previsto na Lei 9/2010, do 14 de abril e no Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo, e no Regulamento da Comisión (CE) n.º 2096/2005, do 20 de decembro de 2005, así como, no que lle sexa aplicable, ao Regulamento da Comisión (CE) n.º 1315/2007 da Comisión, do 8 de novembro de 2007.

e) Asegurar o mantemento e continuidade da prestación de servizos AFIS no aeródromo.

f) Tomar as accións necesarias no ámbito das súas responsabilidades e en función dos resultados do seguimento a que se refire o número 2, informando puntualmente a Axencia Estatal de Seguridade Aérea das accións adoptadas.

g) Pór á disposición do fornecedor designado AFIS unha dependencia AFIS no aeródromo que reúna o resto dos requisitos contidos no anexo II.

h) Dispor do equipamento operativo necesario na dependencia AFIS ou acordar a súa disposición por parte do fornecedor designado AFIS, tendo en conta o establecido no número 5 do anexo II.

2. Así mesmo, o xestor do aeródromo é responsable de implementar as accións de seguimento precisas para garantir que se manteñen as condicións determinantes do resultado do estudo aeronáutico de seguranza sobre a necesidade e suficiencia do servizo AFIS, en particular, realizando un seguimento continuado do número de movementos, número de operacións IFR e do número e tipo de aeronaves que operan no aeródromo. No caso de que no aeródromo haxa un fornecedor designado AFIS, este seguimento será realizado conxuntamente por ambos. A estatística das operacións e os datos relevantes estarán á disposición dos servizos de inspección da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Sección 2.^a *Fornecedor designado AFIS*

Artigo 14. *Fornecedor designado AFIS.*

1. Para a designación do fornecedor AFIS, o aeródromo de uso público debe ter sido designado como aeródromo AFIS e o espazo aéreo asociado como zona FIZ.

A resolución de designación especificará os requisitos técnicos e operativos que o fornecedor designado AFIS deberá cumprir para iniciar a súa actividade, de acordo coa normativa nacional e comunitaria que resulte de aplicación. No caso de aeródromos AFIS de competencia autonómica a resolución de designación de fornecedores de servizos AFIS deberá ir precedida dun informe da comunidade autónoma.

2. No non previsto pola normativa aeronáutica, o procedemento para a designación do fornecedor de servizos AFIS axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

O prazo para resolver a proposta do xestor do aeródromo será de seis meses. No caso de que venza o prazo máximo para resolver sen terse ditado resolución expresa, o silencio terá efecto desestimatorio en virtude da excepción de transferencia ao solicitante de facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público recollida no artigo 43.1, segundo parágrafo, da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Contra a resolución do director xeral de Aviación Civil ditada no procedemento de designación de fornecedor AFIS poderase interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Transportes no prazo dun mes, conforme o previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 15. *Atribucións e vixencia da designación.*

1. O fornecedor designado AFIS está habilitado para prestar o servizo de información de voo no aeródromo AFIS e no espazo aéreo asociado FIZ.

2. A vixencia da designación exige o mantemento do certificado como fornecedor de servizos AFIS, así como do resto das condicións inicialmente aprobadas en todos os seus termos, e terá a vixencia máxima prevista na resolución, que non poderá exceder cinco anos; a súa renovación débese solicitar ao menos con seis meses de anticipación á data en que a designación deixe de ter vixencia.

Artigo 16. *Responsabilidades do fornecedor designado AFIS.*

O fornecedor designado AFIS é responsable de garantir a prestación do servizo conforme o previsto no artigo 2 da Lei 9/2010, do 14 de abril, e nas condicións que se determinasen na designación como aeródromo AFIS e, ademais, de:

a) Manter en todo momento os requisitos que o habilitan para a prestación dos servizos AFIS nun determinado aeródromo de uso público ou aeroporto, comunicando ao xestor do aeródromo, á Dirección Xeral de Aviación Civil e á Axencia Estatal de Seguridade Aérea calquera incidencia que afecte esa designación ou a certificación, segundo corresponda.

b) Establecer a coordinación necesaria co xestor do aeródromo para garantir que as operacións se realizan dentro das condicións da designación.

c) Garantir a prestación segura, eficaz, continuada e sustentable económica e financeiramente dos servizos AFIS.

d) Asegurar o cumprimento das condicións establecidas no Manual da dependencia AFIS do aeródromo e, en particular, a coordinación co resto das dependencias de tránsito aéreo segundo se estableza nas cartas de acordo entre dependencias ATS que se establecesen.

e) Asegurar a instrución continua do seu persoal e garantir que este cumpre, en todo momento, os requisitos exixidos.

f) Comunicar, a través do xestor do aeródromo ou segundo determine o Manual da dependencia AFIS, as incidencias que afecten a prestación do servizo AFIS no aeródromo para a súa publicación polo Servizo de Información Aeronáutica (AIS).

g) Garantir a continuidade do servizo prestado e, se for o caso, facilitar a transferencia da función en caso de cambio de fornecedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo.

h) Asegurar que se publicaron os procedementos operacionais e as manobras adecuadas antes de proceder ao inicio da provisión do servizo e que se dispón das cartas de acordo que garantan a adecuada coordinación técnica e operativa con outros fornecedores de servizos de tránsito aéreo.

i) Implementar o plan para a implantación, seguimento e valoración da eficacia das medidas de mitigación identificadas na fase 'mitigación do risco' do estudo aeronáutico de seguranza do aeródromo en que actúa como fornecedor designado, así como nomear un responsable do plan dentro da súa organización.

Artigo 17. *Manual da dependencia AFIS.*

1. Os fornecedores de servizos AFIS deberán dispor dun manual adaptado a cada dependencia que inclúa, ao menos, os capítulos que indica o anexo III e incorpore as especificacións previstas no anexo II.

No capítulo 3 do Manual da dependencia AFIS, administración, incorporárase unha sección relativa ao persoal AFIS, na cal se incluíra unha relación do persoal AFIS e as súas respectivas responsabilidades, os detalles relativos á instrución na dependencia AFIS que se superasen satisfactoriamente e os datos relativos á vixencia do cumprimento dos requisitos do persoal AFIS previstos no artigo 18, letra b) e c).

2. O Manual conterá as especificacións e características referidas á dependencia AFIS do aeródromo.

3. O Manual deberase manter debidamente actualizado e, no caso de existiren diferentes copias, estas deberán estar claramente identificadas. Así mesmo, o Manual conterá unha folla de control de configuración onde figuren as emendas e actualizacións introducidas.

4. Por proposta do fornecedor designado AFIS para varias dependencias, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá aceptar un manual para todas elas, diferenciando nos anexos as características propias de cada dependencia.

5. Aqueles cambios do Manual que estean relacionados coa seguranza deberán ser notificados á Axencia Estatal de Seguridade Aérea e, se for o caso, aceptados por esta de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1315/2007 da Comisión, do 8 de novembro de 2007, relativo á supervisión da seguranza na xestión do tránsito aéreo e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, e as disposicións de desenvolvemento.

CAPÍTULO IV

Persoal AFIS e fornecedores de formaciónSección 1.^a *Persoal AFIS*Artigo 18. *Condicións do persoal AFIS.*

1. O persoal AFIS deberá cumprir as condicións seguintes:

- a) Ter 18 anos feitos e estar en posesión do título de bacharel ou dun título que faculte para o acceso á universidade.
- b) Ser titular dun certificado de aptitude psicofísica en vigor, cos requisitos e validez especificados na Orde FOM/2418/2007, do 25 de xullo, pola que se determinan os requisitos médicos necesarios para a obtención do certificado médico aeronáutico de clase 3 referido á licenza de controlador de tránsito aéreo e normas concordantes.
- c) Ter un nivel de idioma operacional (4), en inglés e castelán, da escala de cualificación de competencia lingüística da OACI, incorporada como anexo I á Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.
- d) Ter superado un curso de formación inicial, teórica e práctica, impartido por un fornecedor de formación AFIS certificado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- e) Ter superado satisfactoriamente a instrución na dependencia AFIS en que vaia prestar servizos.

Artigo 19. *Formación inicial.*

1. A formación inicial, teórica e práctica, axustarase ao programa de instrución previsto no artigo 29.
2. Os fornecedores de formación AFIS emitirán un certificado de formación inicial AFIS aos alumnos que superasen satisfactoriamente a formación impartida por el, emitido de acordo coas directivas da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.
3. Os fornecedores de formación AFIS manterán un rexistro dos certificados por eles emitidos.

Artigo 20. *Instrución na dependencia AFIS.*

1. A instrución na dependencia AFIS, impartida baixo a supervisión do fornecedor designado AFIS, exixirá a realización dun mínimo de 40 horas de servizo, nun período non inferior a 15 días nin superior a 30, na dependencia onde vaia realizar a súa actividade como persoal AFIS, con avaliación positiva ao final do período.

A instrución na dependencia AFIS realizarase baixo un plan de instrución na dependencia AFIS aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por proposta do fornecedor designado AFIS.

2. Nos casos de interrupción na prestación do servizo AFIS, o fornecedor designado AFIS asegurarse do mantemento das habilidades do persoal AFIS mediante programas de instrución continuada.

3. No caso de inicio da provisión de servizo AFIS, en substitución da formación específica prevista no número 1, exixirase ter completado un número equivalente de horas en prácticas segundo un plan aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea

Artigo 21. *Idade, aptitude psicofísica, competencia lingüística e pericia.*

1. O fornecedor designado AFIS é responsable de verificar que, antes de iniciar a prestación de servizos AFIS, o persoal que superase a instrución na dependencia AFIS cumpre os requisitos previstos no artigo 18, alíneas a), b) e c).

2. Así mesmo, o fornecedor designado AFIS, é responsable de asegurar que só presta servizos AFIS o persoal AFIS que manteña en vigor o certificado de aptitude psicofísica e o nivel de competencia lingüística previstos no artigo 18, e que manteña o nivel de coñecementos, experiencia e pericia adecuados, realizando para isto os cursos que sexan precisos para a súa instrución continuada.

Artigo 22. Funcións do persoal AFIS.

1. Ao persoal AFIS, ademais das funcións previstas no Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, correspóndelle:

- a) Informar as aeronaves que operen na zona FIZ do espazo aéreo en que presta servizos AFIS para axudar os pilotos a evitar colisións.
- b) Informar as aeronaves en movemento na área de manobras co fin de que os pilotos poidan evitar colisións entre a aeronave e os vehículos, así como con obstáculos que poidan existir nesa área, ou entre aeronaves en movemento na plataforma.
- c) Informar os vehículos e persoas na área de manobra.
- d) Informar as aeronaves sobre datos esenciais relativos ao aeródromo, así como proporcionar información meteorolóxica e sobre o estado operacional das axudas para a navegación aérea que correspondan.
- e) Prover un servizo de alerta.
- f) Iniciar o procedemento para o caso de aeronaves que non se presentan no tempo regulamentario segundo o plan de voo.
- g) Cumprir cos procedementos e a coordinación establecidos no Manual da dependencia AFIS.

2. Cando así o prevexa o Manual da dependencia AFIS, o movemento de persoas ou vehículos, comprendidas as aeronaves remolcadas dentro da área de movementos, estará suxeito á obtención de permiso previo do persoal AFIS de servizo na dependencia AFIS. Cando o prevexa o Manual da dependencia AFIS, o movemento de aeronaves na plataforma tamén estará suxeito á obtención deste permiso.

Sección 2.^a Fornecedores de formación AFIS

Artigo 23. Fornecedores de formación AFIS.

A formación inicial do persoal AFIS será realizada exclusivamente por fornecedores de formación AFIS que contén cun certificado en vigor para impartiren esa formación expedido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Os fornecedores de formación AFIS e os seus centros deberán cumprir os requisitos e procedementos establecidos no anexo IV.

Artigo 24. Solicitude.

1. A solicitude de certificación, renovación ou modificación como fornecedor de formación AFIS formalizarase no modelo oficial de solicitude que figura como anexo VII.

A solicitude, dirixida ao director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, presentarase en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou por medios electrónicos, de conformidade co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. Xunto á solicitude presentarase a documentación relacionada no anexo VI acreditativa das características da organización, instalacións, equipamento, empregados, programa de instrución, política de validacións, procedementos de avaliación e sistema de xestión de calidade que permitan a formación de persoal AFIS.

Artigo 25. Certificación e supervisión continuada.

1. Despois da realización das actuacións inspectoras de supervisión que correspondan, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea resolverá sobre a

procedencia ou non de certificar o solicitante como fornecedor de formación AFIS, e emitirá, cando sexa o caso, o correspondente certificado.

A resolución do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá establecer de forma motivada limitacións na certificación dos fornecedores de formación, explicitando tales limitacións no correspondente certificado.

2. O prazo para resolver sobre a solicitude de certificación será de seis meses. Se nese prazo non se dítar resolución expresa, a solicitude entenderase denegada de conformidade co previsto na disposición adicional vixésimo novena, número 2, da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

As resolucións do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poñen fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

3. No certificado farase constar, en todo caso, o período da súa vixencia, que non poderá exceder 5 anos, así como calquera condición que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea considere relevante establecer para efectos da certificación e a provisión da formación de persoal AFIS.

4. Á eficacia, limitación, suspensión ou revogación e renovación do certificado seralle de aplicación o disposto na Orde FOM/1841/2010, do 5 de xullo, pola que se desenvolven os requisitos para a certificación dos fornecedores civís de formación de controladores de tránsito aéreo.

5. Os fornecedores de formación AFIS certificados están suxeitos á supervisión continuada da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Artigo 26. *Modificación do certificado.*

1. O fornecedor de formación AFIS deberá comunicar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, con seis meses de anticipación á data prevista para a súa implantación, as modificacións que pretenda introducir que afecten as condicións establecidas na certificación.

Xunto coa comunicación da modificación presentárase un documento que detalle o alcance das que se previsen e un estudo xustificativo en que se acredite que a súa implementación se axusta ao previsto neste real decreto.

2. No prazo de seis meses o órgano competente da Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá resolver sobre a pertinencia da implantación das modificacións propostas, e emitirá, se for o caso, un novo certificado que recolla as novas condicións da certificación.

Se nese prazo a Axencia Estatal de Seguridade Aérea non autorizase a modificación, a autorización para a súa implantación entenderase denegada de conformidade co previsto na disposición adicional vixésimo novena, número 2, da Lei 14/2000, do 29 de decembro.

3. O resto das modificacións que pretenda introducir o fornecedor de formación AFIS, distintas das reguladas no número 1, serán comunicadas con tres meses de anticipación á data prevista para a súa aplicación.

O órgano competente da Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá resolver sobre a pertinencia de implantar estas modificacións no prazo de tres meses, e poderanse levar a cabo se nese prazo a Axencia Estatal de Seguridade Aérea non se opuxo a elas.

4. Cando, atendendo á natureza das modificacións solicitadas, o órgano da Axencia Estatal de Seguridade Aérea competente para resolver sexa o seu director, as resolucións que adopte porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cando o órgano competente para resolver sobre as modificacións sexa calquera das direccións operativas da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, as súas resolucións non porán fin á vía administrativa, e serán impugnables enalzada ante o director da Axencia no prazo dun mes previsto no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 27. *Documento mestre e conservación da documentación.*

1. Os provedores de formación AFIS certificados deben dispor dun documento mestre da organización en que se rexistren os cambios introducidos respecto da información e documentación que tivo en conta a Axencia Estatal de Seguridade Aérea no procedemento de certificación e a súa renovación.

2. O provedor de formación deberá conservar todos os documentos de formación e avaliación dos alumnos durante os cinco anos seguintes á finalización do curso respectivo. Estes documentos poderanse conservar en formato electrónico, nas condicións establecidas no anexo IV, número 3, alínea d).

Artigo 28. *Persoal destinado á formación e avaliación.*

1. O persoal encargado de tarefas de formación inicial, teórica e práctica, deberá estar autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por un período, renovable, de cinco anos.

Este persoal deberá ter completado satisfactoriamente un curso de instrución aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, impartido por un provedor de formación AFIS certificado.

2. O persoal de formación inicial práctica, ademais, deberá ter prestado servizos en prácticas polo período mínimo previsto no número 4, alínea e), 2º, do anexo IV ou demostrar a experiencia na instrución que se prevé nese número.

Artigo 29. *Programa de instrución.*

1. Os cursos que integren a formación inicial, práctica e teórica, que vaian impartir os provedores de formación AFIS conteranse nun programa de instrución que debe ser aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

O programa de instrución, documentado conforme o previsto no anexo V, incluírá a política de validacións que, se for o caso, vaia establecer o provedor de servizos de formación AFIS, mediante a cal se eximirá os profesionais aeronáuticos con formación específica, entre outros pilotos, controladores de tránsito aéreo ou enxeñeiros, de superaren aquela parte ou partes dos cursos en que a formación impartida coincida coa xa adquirida polo profesional aeronáutico para o desempeño das súas funcións.

2. O provedor de formación revisará anualmente os cursos e plans de formación, conforme o previsto no anexo IV.

Disposición adicional primeira. *Inaplicabilidade de certas exencións para a designación de provedor AFIS.*

Non poderán ser designados provedores de servizo AFIS os provedores de servizos de tránsito aéreo que contén cun certificado válido na Comunidade para a prestación do servizo de información de voo de aeródromo emitido de acordo co Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de marzo de 2004 e co Regulamento (CE) n.º 2096/2005, da Comisión, do 20 de decembro de 2005, que incorporen as exencións do cumprimento dalgún dos seguintes requisitos do anexo II, parte 3 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, do 20 de decembro de 2005:

- a) Requisitos para alcanzar a seguranza (parte 3.1.2);
- b) Estudos de seguranza (parte 3.1.3);
- c) Requisitos de seguranza para a análise e mitigación de riscos en relación cos cambios (parte 3.2).

Disposición adicional segunda. *Obriga de coordinación entre dependencias de tránsito aéreo e o seu persoal.*

Independentemente de quen sexa o provedor dos servizos de tránsito aéreo e o tipo de servizos de tránsito aéreo que se preste, estes e as súas dependencias, así como o seu

persoal, estarán obrigados a asegurar a adecuada coordinación técnica e operativa entre elas e á posta á disposición da información necesaria para identificar os movementos das aeronaves no espazo aéreo baixo a súa responsabilidade.

Disposición adicional terceira. *Certificado de aptitude psicofísica e avaliación do nivel de competencia lingüística.*

1. Os certificados de aptitude psicofísica previstos no artigo 18 deberán ser expedidos por un centro médico aeronáutico designado e autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o previsto na Orde FOM FOM/2157/2003, do 18 de xullo, pola que se determinan os requisitos e o procedemento para a designación e autorización dos centros médico-aeronáuticos e dos médicos examinadores, ou normativa concordante.

2. Os requisitos, eficacia, avaliación e certificación do nivel de competencia lingüística prevista no artigo 18 axustaranse ao previsto na Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.

Disposición adicional cuarta *Provisión do servizo AFIS nos aeródromos militares.*

1. O disposto no capítulo II deste real decreto é de aplicación aos aeródromos militares que presten servizos de tránsito aéreo á circulación aérea xeral e ao resto dos aeródromos militares, ben que os estudos aeronáuticos de seguranza previstos nel poderán ser realizados por provedores de servizos de tránsito aéreo autorizados pola autoridade nacional de supervisión militar.

O Estado Maior do Exército do Aire é a autoridade nacional de supervisión militar que exerce as funcións que lle atribúe este real decreto.

2. A autoridade nacional de supervisión militar é a competente para a designación do aeródromo militar como aeródromo AFIS e do espazo aéreo asociado FIZ, así como para a designación da prestación de servizos AFIS, que poderá ser un provedor de servizos autorizado pola autoridade nacional de supervisión militar.

3. Nos aeródromos militares non abertos á circulación aérea xeral, a autoridade nacional de supervisión militar poderá establecer o nivel de competencia lingüística exixido para a prestación do servizo AFIS no ámbito da aviación militar.

4. Coa reserva prevista no número anterior, é de aplicación ao persoal militar AFIS a regulación do capítulo IV, sección 1.º, ben que as condicións de obtención do certificado de aptitude psicofísica, previsto no artigo 18, alínea b), serán establecidas pola autoridade nacional de supervisión militar, conforme os requisitos adoptados polo Eurocontrol para o certificado médico europeo clase 3.

5. A provisión de formación de persoal AFIS militar para a circulación aérea xeral prestarase nos termos previstos pola autoridade nacional de supervisión militar que, en todo caso, garantirá un nivel equivalente de seguranza e calidade nos servizos de tránsito aéreo xeral.

6. As competencias atribuídas neste real decreto ao ministro de Fomento, á Dirección Xeral de Aviación Civil e á Axencia Estatal de Seguridade Aérea entenderanse referidas á autoridade nacional de supervisión militar na prestación de servizos AFIS nos aeródromos militares.

A autoridade nacional de supervisión militar poderá ditar as resolucións necesarias para a execución e aplicación deste real decreto na prestación de servizos AFIS nos aeródromos militares.

Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias sobre aeródromos.*

Os aeroportos e aeródromos civís de uso público que na data da entrada en vigor do presente real decreto, non dispoñan de servizos de control de aeródromo e se encontren nalgún dos supostos previstos no artigo 9, disporán, respectivamente, do prazo dun ano e tres anos para realizaren os estudos aeronáuticos de seguranza que regula este real decreto e adecuárense ao disposto nel.

Disposición transitoria segunda. *Normas transitorias sobre formación de persoal AFIS.*

1. Os fornecedores de formación inicial certificados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, impartisen cursos de formación de persoal AFIS que se axusten ao disposto no anexo IV poderán recoñecer, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, a formación inicial do persoal que superou os cursos.

Entenderase que os cursos impartidos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto cumpren os requisitos exixidos no anexo IV cando tales cursos, ao menos, abordasen as materias a que se refire o número 8 dese anexo IV e, en todo caso, cando o contido dos cursos coincida co plan de formación inicial aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea na certificación como fornecedor de formación AFIS.

2. O persoal de formación inicial, práctica e teórica, para prestar servizos nos fornecedores de formación AFIS que se certifiquen nos dous anos seguintes á entrada en vigor deste real decreto poderán acreditar a formación prevista no artigo 28 mediante o cumprimento das medidas de aplicación e execución adoptadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o previsto na disposición derradeira terceira.

Disposición transitoria terceira. *Normas transitorias sobre fornecedores designados polo Ministerio de Fomento para a prestación de servizos de tránsito aéreo.*

1. Os fornecedores designados polo Ministerio de Fomento para a prestación de servizos de tránsito aéreo antes da entrada en vigor deste real decreto deberanse adaptar ao disposto nel no prazo máximo de seis meses.

2. Os fornecedores de servizos de tránsito aéreo designados polo Ministerio de Fomento para a prestación destes servizos antes da entrada en vigor deste real decreto deberán renovar a designación, conforme o previsto neste real decreto, unha vez transcorridos cinco anos desde a data da designación, salvo que na resolución de designación se tivese acordado a renovación nun prazo menor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogado o Real decreto 1981/1998, do 18 de setembro, polo que se establece o Servizo de Información de Voo de Aeródromo (AFIS).

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao contido deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20ª da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habílitate o ministro de Fomento e a ministra de Defensa para ditaren, no seu ámbito respectivo de competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto. En particular, habílitate o ministro de Fomento para ditar, se for o caso, a normativa aeronáutica que regule os procedementos previstos nos artigos 12.2 e 3 e 14.2.

Así mesmo, habílitate o ministro de Fomento para modificar o contido dos anexos, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira terceira. *Circulares aeronáuticas.*

O director xeral de Aviación Civil, mediante circular aeronáutica, de conformidade co procedemento e os límites previstos no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, por proposta da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, poderá actualizar os seguintes contidos dos anexos: (1) o número B) do anexo I; (2) as categorías de equipamentos que

figuran no punto 5 do anexo II; (3) o anexo III; 4) a relación de materias dos plans de formación inicial que figuran no punto 9 do anexo IV; e (4) os anexos V a VII.

Disposición derradeira cuarta. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea adoptará as resolucións necesarias para a execución do disposto no capítulo III e IV deste real decreto.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá adoptar as medidas precisas para a aplicación do disposto no número 2 da disposición transitoria segunda.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 10 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

A. Fases do estudo aeronáutico de seguranza

a) Iniciación. Nesta fase asegurárase unha comprensión adecuada da casuística xeral asociada á implantación do servizo AFIS ou do servizo de control, do seu alcance, do seu contorno operacional e do marco regulatorio, que permita levar a cabo as seguintes fases, así como a identificación de calquera hipótese inicial relacionada coa seguranza.

Nesta fase establecerase, así mesmo, o equipamento responsable da elaboración do estudo aeronáutico de seguranza e a identificación de potenciais usuarios e partes interesadas que poidan estar afectados por calquera cambio relacionado coa seguranza.

b) Análise preliminar. Nesta fase débese proceder a unha identificación inicial de todas as ameazas asociadas, os seus modos de fallo e os seus efectos combinados, así como os seus efectos nas operacións, incluíndo os efectos sobre as aeronaves. Para isto teranse en conta os compoñentes terrestres e de a bordo do sistema baixo análise, nas facetas de recursos e factores humanos, procedementos e equipamentos técnicos involucrados, así como as interaccións entre eles e a interacción entre o sistema considerado e o resto do sistema de xestión do tránsito aéreo (ATM).

c) Estimación do risco. Nesta fase débese proceder a estimar o risco da operación (combinación de frecuencia de ocorrencia e severidade dos efectos) para todos os efectos de cada unha das ameazas identificadas a través de matrices de clasificación de probabilidade de ocorrencia e de severidade.

d) Avaliación do risco con ou sen mitigación preliminar. Nesta fase determinarase a tolerabilidade de cada un dos riscos identificados en termos cuantitativos de máxima probabilidade de ocorrencia mediante unha matriz de clasificación de riscos, a través do establecemento de medidas de mitigación apropiadas para conter e reducir o risco determinado.

A mitigación preliminar do risco establecerá se o risco inicial determinado non é aceptable, ou ben se é susceptible de pasar á categoría de aceptable ou tolerable a través de medidas de mitigación.

e) Mitigación do risco. Nesta fase débense identificar as medidas de mitigación que se van implantar para asegurar que cada risco identificado se mantén na súa zona de tolerabilidade, e para garantir, por tanto, o cumprimento dos valores estimados na fase anterior. Estas medidas actuarán, principalmente, sobre a frecuencia de ocorrencia das

ameazas identificadas e, en menor medida, sobre a severidade das súas consecuencias, ou eliminarán por completo a ameaza e cualificarana como sen efecto na seguranza.

f) Planificación de actuacións e o seu seguimento. Esta fase centrarase na identificación das actuacións que após o inicio da prestación do servizo AFIS se deberían levar a cabo de cara á implantación, seguimento e valoración da eficacia das medidas de mitigación identificadas na fase 'mitigación do risco'.

B. Rexistro de participantes nas fases do estudo de seguranza

Asistente	Organización	Posto	Perfil profesional	Sinatura

ANEXO II

Localización e equipamento da dependencia AFIS

1. Tipos de dependencias AFIS.

Poderán existir os seguintes tipos de dependencias AFIS que, en calquera caso, deberán cumprir, cando menos, os requisitos mínimos establecidos nestes requirimentos:

- a) Dependencias AFIS de nova instalación.
- b) Dependencias AFIS localizadas en torres de control xa existentes.

2. Requirimentos xerais por razón do servizo: toda dependencia AFIS debe contar coas instalacións e o equipamento que sexan necesarios para proporcionar os servizos de información de voo e de alerta ao tránsito de aeródromo, tal e como se establecen no Regulamento de circulación aérea, como normativa aplicable, e na Circular 211-AM/128 de OACI, como referencia orientativa de aplicación ao AFIS.

O Manual da dependencia AFIS determinará as características e especificacións das instalacións e o equipamento das dependencias AFIS que garantan o correcto funcionamento dos servizos de tránsito aéreo proporcionados pola dependencia tal e como estes quedan establecidos no Regulamento de circulación aérea.

En calquera caso, o Manual deberá incluír aquelas características e especificacións das instalacións e equipamento que directa ou indirectamente deriven do contido dos requirimentos que se establecen neste número.

O Manual deberá considerar aquelas características e especificacións das instalacións e equipamento que directa ou indirectamente deriven do contido dos anexos 10 e 14 de OACI, nas versións publicadas no Regulamento (CE) 2096/2005, da Comisión, do 20 de decembro, así como do contido do Regulamento de circulación aérea. Isto considérase medio aceptable de cumprimento dos requirimentos que se establecen neste número.

O acceso aos edificios onde se encontren as dependencias AFIS deberá estar restrinxido.

3. Selección da localización das dependencias AFIS.

a) Visibilidade:

Toda dependencia AFIS e, máis concretamente, todas as posicións de operadores AFIS, deberá dispor de visibilidade completa sobre as aeronaves en voo na zona de tránsito de aeródromo (ATZ), e sobre a área de manobra do aeródromo.

Canto á área de movemento, exceptuada a área de manobras que se rexerá polo establecido no parágrafo anterior, disporase da máxima visibilidade. Cando a visibilidade non sexa completa farase constar para coñecemento dos usuarios do servizo AFIS, con indicación das áreas afectadas pola falta de visibilidade.

b) Estudo de localización: a localización da dependencia AFIS determinarase sempre en función dun estudo que analice as opcións que proporcionen unha mellor situación en relación coa optimización de, cando menos, os seguintes factores:

- 1.º Percepción visual de profundidade na área de movementos.
- 2.º Orientación da dependencia AFIS destinada a evitar cegamentos e, en particular, a aliñación das aproximacións á pista co sol nacente ou poente.
- 3.º Visibilidade das operacións en terra de vehículos.
- 4.º Mitigación de posibles restricións ocasionais á visibilidade debidas a fenómenos meteorolóxicos locais, fontes de luz externas ou outros factores externos.

O Manual da dependencia AFIS detallará as características do estudo de acordo cos criterios mencionados.

4. Infraestrutura das dependencias AFIS.

a) Condicións visuais desde a dependencia: toda dependencia AFIS contará con xanelas amplas e sen obstrucións, preferentemente do tipo fanal de torre de control, que permitan ver a área de manobra do aeródromo.

O deseño e instalación de xanelas e vidros proporcionará a máxima visión das pistas do aeródromo e da área de manobras, utilizando vidro claro non polarizado e libre de distorsións.

b) Edificación e instalacións da dependencia: o Manual da dependencia AFIS detallará as características do deseño, construción e mantemento das edificacións e das instalacións asociadas, que garantan o correcto funcionamento dos servizos de tránsito aéreo proporcionados pola dependencia e que, en calquera caso, dean cumprimento á normativa técnica específica en materia de edificación que sexa de aplicación.

O deseño, construción e mantemento da edificación e instalacións asociadas deberá cumprir todos os requisitos exixidos pola normativa vixente en materia de seguranza e hixiene no traballo.

As dependencias AFIS contarán cunha instalación contra incendios proxectada de acordo coa norma NBA-CPI «Norma básica de edificación – Condicións de protección contra incendio en edificio».

A instalación contará con sistema de protección contra o raio e contra as sobretensións producidas por este, de acordo coa normativa nesta materia.

As instalacións de sistemas de enerxía das dependencias AFIS realizaranse mediante unha conexión en baixa tensión, e cumprirán nos seus diferentes elementos co disposto no Regulamento electrotécnico de baixa tensión e nas normas UNE que sexan de aplicación. En calquera caso, en todas as dependencias AFIS se garantirá un fornecemento ininterrompido de enerxía suficiente para asegurar a continuidade do servizo.

Toda dependencia AFIS contará cun sistema de tomas de terras dimensionado, acorde coa instalación e as características do terreo, e conforme a normativa vixente que lle sexa de aplicación.

5. Equipamento operativo das dependencias AFIS: toda dependencia AFIS debe contar co equipamento operativo que sexa necesario para proporcionar os servizos de información de voo e de alerta ao tránsito de aeródromo. O equipamento operativo deberá ser suficiente para cumprir cos requisitos determinados polo Regulamento de circulación aérea e, en particular, deberá permitir á dependencia AFIS:

a) Dispor da información descrita no Regulamento de circulación aérea baixo a epígrafe «Requisitos AFIS en materia de información».

b) Dispor de comunicacións aeroterrestres (servizo móbil aeronáutico) segundo se describe no Regulamento de Circulación Aérea baixo o punto «Servizo móbil aeronáutico» (comunicacións aeroterrestres) incluído na epígrafe «Requisitos AFIS en materia de comunicacións».

c) Dispor de comunicación co correspondente centro de información de voo ou centro de control de área (servizo fixo aeronáutico) segundo se describe no Regulamento de circulación aérea baixo o punto «Servizo fixo aeronáutico» incluído na epígrafe «Requisitos AFIS en materia de comunicacións».

O Manual da dependencia AFIS determinará características técnicas e especificacións para os equipamentos operativos das dependencias AFIS que garantan o correcto funcionamento dos servizos de tránsito aéreo proporcionados pola dependencia e a adecuada disposición das necesidades de información e comunicación.

O Manual da dependencia AFIS determinará as citadas características e especificacións para as seguintes categorías de equipamento operativo:

- a) Posicións de operador AFIS.
- b) Radio, telefonía e fax.
- c) Equipamentos de gravación-reprodución.
- d) Ferramentas e aparellos de medida.

En calquera caso, unha posición de operador AFIS deberá contar, como mínimo, con:

- a) Un equipamento monocanal de radio T/A (banda aeronáutica) TX/RX.
- b) Un equipamento de telefonía mans libres con posibilidade de acceso múltiple, multifrecuencia.
- c) Dous dispositivos meteorolóxicos que proporcionen información de temperatura, humidade relativa, presión atmosférica, velocidade e dirección do vento en pista.
- d) Un equipamento de gravación/reprodución de voz de ao menos 4 canles.
- e) Un micrófono diferencial ou microplastón.
- f) Un sistema de sinais luminosos de emerxencia.
- g) Uns prismáticos.
- h) Un reloxo patrón.
- i) Unha mesa de traballo coa instalación dos dispositivos de control e telefonía.

Os equipamentos operativos deberán cumprir a normativa técnica nacional e internacional que lles sexa de aplicación. En particular, deberanse considerar as seguintes normas UNE:

- a) 20.501 Equipamentos electrónicos e os seus compoñentes. Ensaiois fundamentais climáticos e de robustez mecánica.
- b) 20.512 Fiabilidade de equipamentos e compoñentes electrónicos.
- c) 20.514 Regras de seguranza para os aparellos electrónicos e aparellos con eles relacionados de uso doméstico ou uso xeral análogo conectados a unha rede de enerxía.

Cando proceda, o almacenamento, uso e mantemento de bengalas de sinais cumprirá coa normativa vixente en materia de material pirotécnico e, en particular, co disposto no Regulamento de explosivos.

ANEXO III

Manual da dependencia AFIS

Os provedores de servizos de Información de Voo de Aeródromo (AFIS) deberán dispor dun manual adaptado a cada dependencia que incluíra, ao menos, os seguintes capítulos:

Capítulo 1.	Procedementos operacionais
Capítulo 2.	Inspeccións de aeródromo
Capítulo 3.	Administración
Capítulo 4.	Presentación de datos
Capítulo 5.	Luces de aeródromo
Capítulo 6.	Sinais de aeródromo
Capítulo 7.	Fraseoloxía estándar
Capítulo 8.	Emerxencias de aeronaves
Capítulo 9.	Servizos de emerxencia de aeródromo
Capítulo 10.	Aeronaves demoradas.

- Capítulo 11. Servizos meteorolóxicos
- Capítulo 12. Procedementos para altimetría
- Capítulo 13. Instrucións locais
- Capítulo 14. Cartas de acordo
- Capítulo 15. Sistema de xestión da seguranza

ANEXO IV

Certificación dos fornecedores de formación AFIS

1. Certificación dos fornecedores de formación.—Só os centros de formación que reúnan os requisitos establecidos neste real decreto e fosen certificados a tal propósito pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea estarán autorizados para proporcionaren cursos de formación inicial de persoal AFIS.

2. Organización e estrutura de xestión.—A idoneidade da organización será determinada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea mediante avaliación da documentación presentada. Para estes efectos, o fornecedor de formación deberá:

a) Nomear unha persoa responsable (xerente) que teña autoridade corporativa para asegurar que os plans de formación que autorice a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poden ser financiados e levados a cabo baixo os estándares requiridos pola citada axencia estatal.

b) Demostrar que conta co persoal suficiente e competente para planificar e levar a cabo a formación inicial, teórica e práctica, e as súas correspondentes avaliacións de acordo coa súa certificación.

c) Designar unha persoa como responsable de xestión da calidade na organización.

d) Nomear unha persoa (xefe de instrución) como responsable de todo o referente á formación (programa de instrución, cursos e plans de formación).

e) Designar unha persoa como punto focal de representación coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

f) Establecer un procedemento interno polo cal os alumnos poidan impugnar o resultado dunha avaliación.

3. Instalacións e equipamento.

a) O fornecedor de formación deberá dispor de elementos adecuados, entre outros: aulas, simuladores e oficinas para levar a cabo de forma satisfactoria os cursos de formación previstos.

b) Deberá existir un rexistro que conteña todo o material de formación apropiado ao nivel e alcance da formación que se vai impartir.

c) Para o rexistro e almacenamento dos documentos de formación e avaliación deberase contar con instalacións seguras e as condicións adecuadas para a súa conservación en bo estado.

d) En caso de que os documentos de formación se almacenen en formato electrónico, o centro de formación deberá demostrar que dispón dos elementos apropiados para manter a seguranza dos documentos.

e) No caso en que o rexistro proporcione material en formato electrónico, deberase dispor das instalacións adecuadas para imprimir e reproducir o material para o uso de alumnos e profesores. Calquera dereito de reprodución e copia necesario para cumprir con este requisito deberá ser responsabilidade do centro de formación.

4. Viabilidade económica e continuidade da formación.—O fornecedor de formación deberá:

a) Dispor dun estudo económico que garanta a viabilidade económica e financeira do proxecto e asegure a continuidade da formación.

b) Dispor dun estudo económico en que se identifique a cobertura mínima exixible para asegurar a responsabilidade civil do fornecedor polos danos causados aos alumnos en formación e a terceiros.

c) Acreditar que se dispón dun seguro subscrito cunha entidade aseguradora debidamente rexistrada coa cobertura mínima establecida na alínea anterior.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, se for o caso, despois dos informes que considere pertinentes, poderá acordar a ampliación do seguro previsto na alínea c) do número anterior, até a cobertura necesaria para dar cumprimento á responsabilidade civil do fornecedor.

5. Persoal encargado da formación e da avaliación.

a) O fornecedor de formación deberá contar con procedementos por medio dos cales o persoal encargado da formación e da avaliación deberá cumprir cos requisitos establecidos neste real decreto.

b) Os procedementos polos cales a formación será avaliada deberanse describir no programa de instrución do centro de formación que, conforme o previsto neste real decreto, será aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

c) As persoas encargadas da formación inicial, conforme o previsto neste real decreto, deberán estar autorizadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

d) Os fornecedores de formación deberanse asegurar de que os profesores designados para impartiren formación inicial teórica completaron con éxito os plans de formación determinados no programa de instrución e foron declarados aptos.

e) O persoal encargado da formación deberá:

1.º Ter completado satisfactoriamente un curso de instrución aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea nun centro autorizado.

2.º Para o persoal de formación inicial práctica de simulación será necesario ter prestado servizos en prácticas por un mínimo de dous meses ou 40 horas baixo as ordes de persoal AFIS cualificado, ou ter demostrado experiencia en instrución de simulación en torre.

3.º Demostrar que é coñecedor da estrutura e obxectivos do curso ou do plan de formación, así como dos métodos de avaliación usados.

f) O persoal de formación inicial poderá, pola súa vez, realizar tarefas de avaliación da formación dos alumnos, de modo que serán responsables de:

1.º Levar a cabo a avaliación dos alumnos.

2.º Integrar todas as probas de avaliación para establecer unha valoración das aptitudes do alumno.

3.º Gardar os resultados das avaliacións de acordo cos procedementos administrativos marcados polo centro de formación.

4.º Informar das carencias e/ou insuficiencias observadas, de acordo co plan de formación inicial.

g) Os fornecedores de formación deberán contar cos procedementos e persoal competente para asegurar que:

1.º O persoal encargado de avaliar estea cualificado apropiadamente para cumprir cos requisitos descritos anteriormente.

2.º O fornecedor de formación conta con suficiente persoal dedicado á avaliación dos alumnos.

3.º O persoal encargado de avaliar é competente para avaliar o progreso da formación de acordo co programa de instrución; e

4.º Se establece e mantén unha lista de persoas encargadas de avaliar a formación, que será referida no programa de instrución.

6. Sistema de xestión da calidade.—O fornecedor de formación deberá contar cun sistema de xestión da calidade para controlar o cumprimento das normas e requisitos recollidos neste documento. Para isto deberá:

1.º Definir a política de calidade para cumprir o mellor posible as necesidades dos alumnos.

2.º Establecer programas de garantía da calidade que conteñan procedementos destinados a comprobar que todas as operacións foron realizadas de conformidade cos requisitos, normas e procedementos aplicables.

3.º Proporcionar evidencias do funcionamento do sistema de calidade mediante programas e documentos de supervisión.

4.º Nomear representantes para controlar o cumprimento dos requisitos e a súa adecuación, a fin de garantir que se cumpre o establecido.

5.º Efectuar revisións do sistema de calidade implantado e adoptar, se procede, un plan de medidas correctoras.

Considerarase unha proba de cumprimento suficiente un certificado EN ISO 9001, que cubra os servizos de formación do fornecedor, expedido por unha organización debidamente acreditada. O fornecedor de formación aceptará que se revele a documentación relacionada coa certificación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, se esta o solicita.

7. Cursos, plans de formación e política de validacións.

a) Os provedores de formación deberán presentar as súas propostas de cursos de formación de persoal AFIS á Axencia Estatal de Seguridade Aérea en forma de programa de instrución. Este programa deberá conter unha declaración por parte do xefe de instrución en que se confirme que o curso cumpre cos requisitos recollidos neste real decreto, e ademais deberá ser asinado por esa persoa. Nel deberán detallar a metodoloxía que se observará na determinación do contido, a organización e a duración dos plans de formación, incluído o modo en que se organizarán os exames ou avaliacións. O anexo V recolle a estrutura que debe seguir o programa de instrución.

b) O programa de instrución deberá demostrar que:

1.º O curso proposto proporciona a formación adecuada para os alumnos alcanzaren os obxectivos marcados.

2.º O programa do curso contén a metodoloxía, organización e duración apropiadas. Nel inclúense os métodos polos cales se organizarán os exames e avaliacións.

3.º O equipamento é o adecuado para o curso de formación proposto.

4.º O fornecedor de formación conta cos procedementos apropiados para asegurar que o curso cumpre cos requisitos establecidos.

5.º O fornecedor de formación mantén copias dos cambios que afecten os cursos, sexan temporais ou permanentes, así como dos motivos que levaron a eses cambios.

c) O fornecedor de formación incluírá na súa proposta de programa de instrución a política de validacións que pretenda aplicar.

d) O fornecedor de formación deberá manter unha copia mestra do programa de instrución en que se recollan os posibles cambios incorporados e os motivos deses cambios. Deberá ser posible realizar un seguimento do desenvolvemento dos cursos mediante este documento.

e) O fornecedor de formación deberá manter documentos que mostren que os alumnos seguiron de maneira satisfactoria as clases. Cando se produzan ausencias, estes documentos deberán mostrar a forma en que as ausencias foron recuperadas.

8. Mantemento e revisión dos cursos e plans de formación.

a) Os provedores de formación deberán contar cos procedementos apropiados para manter e revisar os cursos e plans de formación co fin de asegurar que a formación cumpre cos requisitos establecidos neste real decreto.

b) Os cambios realizados na programación ou contido dos cursos deberán ser recollidos no programa de instrución, xunto coas razóns que propiciaron o cambio.

c) Os cursos e plans de formación deberán ser revisados anualmente, coa aplicación de un ou varios dos seguintes métodos:

1.º Seguimento do progreso dos alumnos co fin de identificar habilidades adicionais ou coñecementos que sexan susceptibles de ser impartidos no curso;

2.º Ser auditados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

9. Contido do Plan de Formación Inicial.— O ensino das materias recollidas neste número impartirase de modo que prepare os interesados para a prestación do servizo AFIS, incidindo, en particular, nos aspectos de seguranza.

A formación inicial constará de cursos teóricos e prácticos, e poden incluír exercicios de simulación. A súa duración quedará determinada nos plans iniciais aprobados. As aptitudes adquiridas polos interesados deberán facilitar a transición á prestación do servizo baixo supervisión previa á incorporación ao posto de traballo.

Unha vez finalizada a formación inicial, a aptitude do interesado avaliarase mediante exames adecuados ao caso ou mediante un sistema de avaliación continua.

Os plans de formación inicial deberán conter as seguintes materias:

a) Dereito de aviación:

I. Introducción.

II. Organizacións internacionais.

III. Organizacións nacionais.

IV. Lexislación nacional e internacional.

b) Equipamentos e sistemas:

I. Xeral.

II. Radio.

III. Outros sistemas de comunicación voz.

IV. Radar.

V. Sistema de guía e control do movemente na superficie (SMGCS).

VI. Vixilancia dependente automática.

VII. Equipamentos futuros.

VIII. Informatización.

IX. Automatización na provisión de servizos de navegación aérea.

X. Posicións de traballo.

c) Servizos de navegación de aérea (incluídos os procedementos da cooperación civil e militar):

I. Servizos de navegación aérea.

II. Servizos de tránsito aéreo.

III. Servizos meteorolóxicos.

IV. Servizos de información aeronáutica (AIS, AIP, NOTAM, AIRAC, AIC, PIB, etc.).

V. Servizos de comunicacións, navegación e vixilancia.

VI. Coordinación, autorizacións e instrucións ATC.

VII. Estándares de separación.

VIII. Xestión de afluencia do tránsito aéreo.

IX. Xestión do espazo aéreo.

X. Visualización de datos.

XI. Organización do espazo aéreo nacional e europeo.

d) Aeródromos:

I. Disposición xeral do aeródromo.

- II. Sinais e sistemas de iluminación de aeródromos.
 - e) Meteoroloxía:
 - I. Introducción.
 - II. Atmosfera.
 - III. Procesos atmosféricos.
 - IV. Fenómenos meteorolóxicos.
 - V. Información meteorolóxica.
 - f) Navegación:
 - I. Introducción.
 - II. A Terra.
 - III. Mapas e cartas aeronáuticas.
 - IV. Navegación aplicada.
 - V. Radio navegación.
 - g) Aeronaves e principios do voo (incluída a interacción entre o persoal de dirección na plataforma e o piloto):
 - I. Principios de voo.
 - II. Motores de aviación.
 - III. Instrumentos de voo.
 - IV. Categorías e tipos de aeronaves.
 - V. Factores que afectan as actuacións das aeronaves.
 - VI. Datos das aeronaves.
 - h) Factores humanos:
 - I. Factores psicolóxicos.
 - II. Factores médicos e psicolóxicos.
 - III. Factores sociais e organizativos.
 - IV. Aprendizaxe.
 - V. Estrés e erros humanos.
 - i) Contorno profesional, seguraza operacional e cultura da seguraza, sistemas de xestión da seguraza: notificación de incidentes.
 - j) Situacións inusuais e de emerxencia.
 - k) Sistemas degradados.
 - l) Coñecementos lingüísticos (incluída a fraseoloxía radiotelefónica).
10. Superación dos cursos de formación:
- a) En relación coa formación inicial teórica, os alumnos deberán demostrar que teñen o suficiente coñecemento dos seguintes aspectos:
 - 1.º O idioma inglés e o idioma castelán para uso no servizo de información de voo, que deberá falar sen acento nin impedimento que puiden afectar adversamente a radiocomunicación segundo o nivel de competencia lingüística 4 de OACI.
 - 2.º O Regulamento da circulación aérea e os procedementos de tránsito aéreo pertinentes ás operacións de aeródromo.
 - 3.º Os métodos e procedementos relativos ao servizo de información de voo e servizo de alerta.
 - 4.º Os termos utilizados no servizo móbil aeronáutico, palabras e frases de procedemento e alfabeto de soletreo.
 - 5.º As diversas claves e abreviaturas de comunicacións utilizadas.
 - 6.º A fraseoloxía e procedementos radiotelefónicos.

7.º Os servizos xerais de tránsito aéreo e a organización do espazo aéreo pertinentes.

8.º As regras locais para o aeródromo.

9.º As características do tránsito aéreo local.

10.º A conformación do terreo local e os puntos de referencia destacados.

11.º As instalacións locais para a navegación aérea.

12.º Os procedementos para a coordinación entre a dependencia AFIS e o centro de control de área (ACC) correspondente ou outras dependencias ATS aplicables.

13.º Datos pertinentes relativos aos informes meteorolóxicos e o efecto das características significativas das condicións atmosféricas locais.

14.º Procedementos locais para dar a alerta aos servizos de emerxencia.

15.º Meteoroloxía aeronáutica.

16.º Sinais visuais de aeródromo e de emerxencia.

b) En relación coa formación inicial práctica, o alumno terá demostrado satisfactoriamente a súa competencia respecto:

1.º Á manipulación e operación do equipamento e mandos dun modelo corrente de transmisor/receptor, mesmo das instalacións auxiliares e dos aparellos radiogoniométricos en uso.

2.º Á inspección visual e verificación diaria do equipamento de radio utilizado.

3.º Á transmisión de mensaxes en telefonía, mesmo a técnica adecuada para usar o micrófono, a elocución e a dicción.

4.º A recepción de mensaxes en telefonía e a aptitude para transmitir mensaxes correctamente.

ANEXO V

Programa de instrución do curso

O programa de instrución elaborado polo fornecedor de formación deberá cumprir os seguintes requisitos:

O documento deberá ser escrito cos parágrafos e páxinas numeradas na secuencia que se detalla a seguir:

Portada:

a) Nome do centro de formación e, se é diferente, nome(s) e enderezo(s) do(os) centro(s) de formación en que se prevé aplicar o programa.

b) Título da proposta.

c) Número de versión.

d) Data do documento.

Introdución.—O centro de formación deberá proporcionar unha guía do desenvolvemento dos cursos con detalles dos participantes, incluíndo apoio operacional dos fornecedores de servizos de navegación aérea ou calquera outro recurso profesional. Deberase incluír a seguinte información:

a) Data proposta do inicio do curso.

b) Número de cursos previstos por ano.

c) Número máximo e mínimo de alumnos previstos por curso.

d) Número de posicións de simulador dispoñibles por curso.

Conformidade.—O centro de formación deberá mostrar de que maneira cumpre cos requisitos recollidos neste real decreto. Ademais, a exposición deberá conter unha declaración, asinada polo xerente responsable, confirmando que o programa de instrución recolle a conformidade por parte do centro de formación cos requisitos exixidos.

De acordo co establecido nos puntos 6 e 8 do anexo IV, o programa de instrución deberá conter:

- a) Plans de formación que detallen as materias que se van impartir.
- b) Un horario de clases e exercicios prácticos para o curso, con detalles sobre estudo persoal dos alumnos. O horario tamén deberá recoller as reunións cos alumnos relativas aos exercicios prácticos de simulación.
- c) A planificación das leccións, de maneira que se mostre o seu obxectivo e os métodos empregados para a avaliación aos alumnos.
- d) Detalles dos exercicios prácticos de simulación, de maneira que se mostre como se incrementa a complexidade e a densidade de tráfico a medida que transcorre o curso, así como os obxectivos do exercicio.
- e) O plan de avaliación, con algúns exemplos representativos de avaliacións.

Persoal.—Débense recoller os seguintes detalles relativos ao persoal encargado da formación:

- a) Nome.
- b) Materias do curso en que o persoal de instrución estará encargado, mostrando se estas estarán enfocadas á formación teórica, práctica ou a ambas.
- c) Responsabilidades adicionais respecto ao curso ou outros cursos, como, por exemplo, designación de responsable do curso.
- d) Experiencia no desenvolvemento do curso.
- e) Designación do xefe de instrución, os seus datos e as súas responsabilidades relativas á instrución.
- f) Calquera outra información relevante.

O horario mencionado anteriormente deberá permitir á Axencia Estatal de Seguridade Aérea identificar a contribución de cada unha das leccións dentro do curso, quer teóricas quer prácticas, co fin de determinar se se cumpren os requisitos establecidos neste real decreto.

Política de validacións.—Recollerase a política de validacións proposta polo fornecedor.

ANEXO VI

Documentación da solicitude de certificación

Coa solicitude para certificación inicial, o fornecedor de formación deberá entregar a seguinte documentación:

- a) Unha declaración asinada polo representante legal da empresa (xerente, responsable ou equivalente) que confirme que a descrición da organización e toda a documentación referenciada asociada asegura o cumprimento da organización cos requisitos establecidos neste real decreto. Así mesmo, establecerase que a organización facilitará calquera información necesaria para a súa avaliación.
- b) A política de seguranza operacional da organización establecida co fin de cumprir as provisións deste real decreto.
- c) Os cargos e nomes dos directores da organización.
- d) As obrigas e responsabilidades dos citados directores en relación á implantación dos requisitos establecidos neste real decreto.
- e) Un diagrama da organización mostrando a cadea de responsabilidade nas áreas cubertas polos requisitos establecidos neste real decreto.
- f) Unha descrición xeral dos recursos humanos.
- g) Unha descrición xeral das instalacións da organización.
- h) Unha descrición detallada do alcance do traballo da organización relevante en relación ao certificado solicitado.

- i) O procedemento de notificación de cambios organizativos na organización.
- j) O procedemento para emendas da información facilitada na descrición da organización.
- k) Programa de instrución, que incluíra a política de validacións.
- l) Unha descrición completa dos medios e acordos establecidos pola organización para cumprir cos requisitos establecidos neste real decreto, que inclúa referencias detalladas dos principais documentos, programas e procedementos.

ANEXO VII

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE CENTROS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AFIS

APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN AFIS TRAINING ORGANISATION

Solicitud para certificación inicial

Application for Initial Certification

Solicitud para cambios

Application for Change

1. Nome do solicitante

1. *Registered Name of Applicant*

2. Nome da actividade comercial (se é diferente)

2. *Trading Name (if different)*

3. Enderezo

3. *Address*

4. Datos do contacto

4. *Contact Details*

Nome
Name

Telf.:

Fax

Correo
electrónico
e-mail:

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE CENTROS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AFIS

APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN ATC TRAINING ORGANISATION

5. Nome do director xeral

(ou posición equivalente dentro da organización)

5. Name of Chief Executive Officer

(or equivalent position within the organisation)

6. Sinatura do director xeral

(ou posición equivalente dentro da organización)

6. Signature of Chief Executive Officer

(or equivalent position within the organisation)

7. Lugar e data

7. Place and Date

(Lugar)
(Place)

(Data)
(Date)

8. Descrición da organización (marque o que corresponda)

8. Organisation Exposition (tick as appropriate)

Solicitud para certificación inicial

Application for Initial Certification

Xúntanse tres copias coa descrición da organización xunto con esta solicitude

Three copies of the organisation exposition are forwarded together with this application form

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE CENTROS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AFIS

APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN ATC TRAINING ORGANISATION

Solicitud para cambios

Application for Change

Xúntanse tres copias coas páxinas modificadas da anterior descrición da organización a esta solicitude

Three copies of the pages modified in the previous organisation exposition are forwarded together with this application form

10. Detalle e descrición do alcance dos servizos para os cales a/os certificación/cambios é/son requirida/os

10. Detailed description of the scope of services for which Certification/Changes is/are requested